

Outros compoñentes da mochila viaxeira:

- **Relación de contido:** cómpre incluír un listado co contido da mochila, para facilitar a revisión de todos os elementos antes da súa devolución.
- **Propostas de uso:** Cada centro establecerá unhas pautas para a utilización do contido da mochila, a título orientativo, que deberían incluírse xunto co resto dos materiais, así como unha presentación da actividade.
- **O diario da mochila:** Resulta de interese favorecer a expresión dos usuarios da mochila, das familias, en relación á experiencia que esta lles proporciona, o que observan con respecto aos hábitos de lectura dos seus fillos ou fillas, a súa opinión sobre a actividade, as súas propostas de mellora. Un caderno de aspecto coidado incluído na mochila, que solicite esta colaboración, permitirá coñecer estas opinións e enriquecerá a actividade.



Ilust.: Óscar Villán

Hora de ler

Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa
Subdirección Xeral de Centros

Asesoría de bibliotecas escolares
bibliotecasescolares@edu.xunta.es
<http://bega-horadeler.blogspot.com>
<http://www.edu.xunta.es/biblioteca.blog>



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de
Ordenación e Innovación Educativa

Bibliotecas
escolares
de Galicia



MOCHILA VIAXEIRA

Os libros gustan da viaxe e da sorpresa, agardan nos andeis ou nos expositores por esa man que, ao abrilos, poña en funcionamento a maxia da lectura.

A mochila viaxeira permitirá levar libros á casa para compartilos coa familia: *ese conto que tanto nos gustou, ese libro de poemas que ten palabras fermosas, as imaxes dun álbum que tanto me abraiaron, esa música que fai bailar ás pedras, unha película, un libro que fala do tema que andamos a estudar...*

XUNTA DE GALICIA

Finalidade

A mochila viaxeira está pensada para que, desde a biblioteca escolar, se poida organizar unha actividade que implique ás familias, e así proporcionar un motivo de encontro entre os distintos membros desta, tomando como motivo o mundo dos libros e da lectura. A mochila é o soporte que permitirá aos rapaces e rapazas levar á súa casa, en préstamo temporal, uns materiais que reforcen o vínculo entre familia e escola no seu labor común para a formación dos lectores máis novos.



Antecedentes

En moitos centros escolares, tanto de infantil e primaria como de secundaria, funciona xa con éxito o que se vén chamando “maleta viaxeira”, coa finalidade antes descrita. Esta fórmula, con distintas variantes (mochila, maleta, caixón dos libros...) e gran diversidade en canto ao contido, tamaño, formato e destinatarios, vén de lonxe. A maleta viaxeira é moi empregada no préstamo interbibliotecario e algunhas bibliotecas escolares utilizan tamén este medio para trasladar lotes de libros ás aulas. Algunhas institucións como a Fundación Germán Sánchez Ruipérez, importante referencia no mundo do fomento da lectura en España, ten empregado bolsas ou mochilas viaxeiras en diversas campañas coa finalidade de achegar libros e propostas para a formación dos lectores ata as súas casas, implicando así aos pais na creación e consolidación de hábitos de lectura.

A modo de proposta

Será o Equipo da biblioteca quen decida o contido, periodicidade, modo de adxudicación e destinatarios da mochila viaxeira. A xeito de proposta detállanse algunhas posibilidades:

- **Destinatarios:** a mochila pode ser empregada para introducir temáticas determinadas desde a biblioteca escolar ou achegar as novidades ás aulas. A súa finalidade fundamental será a de achegar materiais para poñer en valor os libros e a lectura no contexto familiar, mediante o préstamo dun pequeno lote de libros e outros soportes que o alumnado levará de forma rotatoria ás súas casas, por un breve período de tempo. Obviamente, o contido estará axeitado fundamentalmente ao nivel de idade e intereses do alumnado a quen vai dirixida esta actividade, e das súas familias.
- **Contido:** Pódense incluír na mochila materiais diversos, pensando nos distintos membros da familia. Hai moitas posibilidades:
 - *Contos e álbums*
 - *Libros de poemas*
 - *Cómics*
 - *Coleccións de adiviñas, lendas, recitados...*
 - *Libros de receitas ou de xardinería*
 - *Libros sobre temas de saúde ou educación*
 - *Libros ou revistas sobre deportes*
 - *Revistas de divulgación científica*
 - *Libros de coñecementos sobre unha temática que se estea a traballar nese momento nas aulas*
 - *Unha película ou un documental divulgativo*
 - *Un CD de música*
 - *Un xogo de ordenador de carácter didáctico*
 - *.....*

Tamén pode ser un lote monográfico sobre unha determinada temática, aínda que o máis común é diversificar o contido para atender así aos diversos intereses dos membros da familia.

- **Adxudicación e periodicidade:** A fórmula para decidir quen se leva a mochila para a casa pode ser variada: orde alfabética, sorteo, decisión assemblearia.... En canto á periodicidade, dependerá tamén do número de alumnos e o número de mochilas postas en circulación. Conviría que a mochila pasase a fin de semana na casa, favorecendo así a súa utilización, pero convén non alongar moito a espera do resto. En calquera caso, o tempo mínimo sería de tres ou catro días.